

## Dos arquivos de Rafael Dieste: O “desgarro” do exilio nas cartas de Gil-Albert a Rafael Dieste


Xosé Luís Axeitos

Rafael Dieste e Juan Gil-Albert forman parte da nómina fundacional da revista *Hora de España*, iniciada a finais de 1936 en Valencia. A publicación conxugou, ó longo dos vintetrés números de que consta, compromiso ético e dignidade creativa nun nada fácil equilibrio, dadas as circunstancias que vivía o país.



Paralelamente á consolidación da revista vaise tamén configurando un núcleo de escritores –Sánchez Barbudo, Serrano Plaja, María Zambrano, ademais de Dieste e Gil-Albert– que serán coñecidos como *Grupo Hora de España*.

A gran dispersión que impuxo a guerra non abondou para romper a sólida amizade que iniciaran en Valencia Rafael Dieste e Gil-Albert<sup>1</sup>.



1. Juan Gil-Albert, nacido en Alcoy en 1906, no seo dunha familia pertencente á burguesía industrial, xa publicara varios libros de poemas antes da guerra civil: *Misteriosa presencia*, *Candente horror* e *Los hombres ignorados*; ademais doutros títulos en prosa, *Como pudieron ser*, *Galerías del Museo del Prado*, etc. Pero será a antoloxía titulada *Fuentes de la constancia* (1972), o libro que redescubra a poesía de Gil-Albert para unha parte importante dos lectores máis novos.

O poeta de Alcoy chegara a México a bordo do mítico "Sinaia" na compañía de Sánchez Barbudo, Ramón Gaya e Lorenzo Varela. Antes tamén pasara pola humillación do campo de concentración de Saint Cyprien e posterior liberación, con estancia na "Merigotte", casa de campo de Richard Bloch.

Gil-Albert viaxará a Buenos Aires, dende México no ano 1944, invitado pola revista *Sur*, que dirixía Victoria Ocampo; na capital arxentina aproveita para restablecer contacto con Rafael Dieste, Serrano Plaja, Lorenzo Varela e Otero Espasandín, participa nalgúns recitais, dá algunha conferencia e regresa a finais deste mesmo ano á capital mexicana. Tamén será en Buenos Aires onde publica un libro de poemas clave na súa evolución artística, *Las ilusiones*, no que a nostalgia profunda parece adiviñar o regreso á terra perdida.

No mes de decembro deste ano escribe esta carta:

México, 14 de diciembre, 1944

Rafael, Carmen, Arturo, Claude:<sup>2</sup>

*Ahí van por fin estas líneas arrancadas por la fidelidad a la pereza. No necesito deciros lo que significa hoy escribir una carta; nuestros tiempos no son nada epistolares porque rebasan el género, pero de todos modos no me perdonaría el dejar pasar este fin de año sin que os llegue algo de mi amistad y de mi recuerdo. Sí, he pensado en vosotros a menudo y en mis días bonaerenses que no estoy muy seguro que hayan existido, de tal manera la realidad se me escapa hoy como nunca, con estas distancias, estas situaciones inestables y este vivir acongojado en espera ¿de qué? Sí, otra vez en México, hundido en una especie de pozo luminoso. ¿Hice bien, hice mal? Tampoco lo sé. Yo recuerdo que cuando joven, estaba más convencido de las cosas y hasta sabía más lo que quería; esto es lo que he ido aprendiendo o como se dice, madurando; será en todo caso una especie de maduración hacia atrás, antes del árbol, de la floración y del fruto; así es, como un balbuceo originario; sus razones habrá que yo desconozco.*

*Hallé aquí un clima paradisíaco por lo aparentemente benigno y perdurable, la misma indiferencia hacia todo, los amigos entre desdeñosos e irritados y de pronto uno en una soledad desconcertante y entristecedora; quizás no todo ha sido adverso, pero algo mortecino flota; escribo, trato de meditar.*

*Las gentes sin embargo trabajan, los pintores ganan dinero; Rodríguez Luna<sup>3</sup>, a quien veo con frecuencia, en su nuevo estado morgánico con*

2. Arturo Serrano Plaja e Claude Bloch, chegaran a Buenos Aires, procedentes de Chile en 1942. Van permanecer na capital arxentina, onde nacerá o seu fillo Carlos Antonio, ata 1945, ano no que voltan a Francia.

3. Antonio Rodríguez Luna, pintor exiliado que estivera no campo de concentración de Argelés sur Mer antes de chegar a México. Deixou da súa estancia neste campo unha serie de debuxos que ilustrarán o número 11 (15 de abril de 1944) da revista *Correo Literario*, fundada por Luís Seoane, Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado en Buenos Aires. Comenta a obra o tamén exiliado Javier Farias. Máis tarde, na década dos setenta, Norberto Frontini publicará un álbum do pintor coa mesma temática.

*una vienesa muy "chic", está pintando conmovedoramente, con mucha alma y temblor, como estados de alma, siempre resueltos con una gran distinción y sobriedad.*

*Pero dejad que os hable de lo que, en estos días, apasiona a todos los ánimos y ha conseguido ¡oh milagro! fundir en una sola, la extraviada voluntad de los españoles: me refiero, claro es, a la aparición en la arena mejicana de Manolete; unos no duermen, otros no descansan; para este es Velázquez, para el de más allá, Cervantes, y todos están de acuerdo en que es único por encima de muertos y vivos; no pude estar en la plaza pero leí unas opiniones tuyas sobre toros, que me impresionaron y que, por su classicismo, podían ser aplicadas tanto a la arquitectura como a la poesía; pensé enseguida que detrás de aquello había un tipo excepcional y así es; un cordobés de pura cepa con mucho de romano.*

*Bueno, hablemos ahora de vosotros; nada sé de vuestros libros; leí en La Nación un poema de Arturo que me gustó muchísimo, muy suyo de acento, con mucho ajuste de vocablos a la emoción que despierta; quizás no sabíais a donde dirigirme vuestros envíos; hacедlo a casa de Albornoz, Tabasco, 109, porque supongo que ya hace tiempo que rodarán por ahí el de teatro de Rafael y el de poemas de Arturo. Quisiera que saludarais a los Alberti y a Molinari, a quienes hace tiempo puse unas tarjetas y también a González Carbalho ¿queréis darles un saludo de fiestas por teléfono? A Lorenzo, a Gori Muñoz, a todos los amigos los saludáis también.*

*A vosotros no os puedo pedir, por lo menos de momento, que me escribáis, pero sabed que si algún día recibo esa carta que espero, me sentiré muy contento. Abrazos efusivos de vuestro, Juan.*

No ano 1947 Gil-Albert regresa a España, non soporta o peso da ausencia. O regreso non soluciona a súa condición de exiliado na propia terra, como demostra a carta que continúa. Anos máis tarde, no 1961, tamén voltan Rafael Dieste e Carmen Muñoz. En máis dunha ocasión serán entusiastas e xoves investigadores, nun proceso de rescate cultural do pasado esquencido, os que poñen en contacto ós membros do *Grupo Hora de España*. Tal é o caso de J. Lechner, hispanista danés, profesor na Universidade de Leiden, autor dunha obra fundamental, *El compromiso en la poesía española del siglo XX*, que se entrevista con Gil-Albert en Valencia e con Dieste en Rianxo. Lechner, entusiasmado coa paisaxe que contempla en Galicia, pasará temporadas na vila de Porto do Son.

7 de agosto de 1963

*Querido Rafael:*

*Sé que uno de estos días irá a verte Juan Lechner. ¡Cómo desearía estar entre los dos! Le escribí hace unos días dándole tus señas y noticias mías no muy buenas; últimamente tuve molestias físicas, y algo más que eso; me puse en manos de médicos; habrá que operarme, pero el calor nos obliga a dejarlo para más adelante, vencido ya el verano. Pasemos pági-*

na. Lechner es un hombre muy simpático y noble –ya comprobaréis– nos estima y conoce a todos los que fuimos desarraigados cuando empezábamos a formar un haz ¡qué destino excepcional el de nuestra generación! ¡la del desgarro como yo nos llamo. María<sup>4</sup> me escribe, desde no sé qué rincón francés. Nos han dejado solos a los solos. Recuerdo que un día Bergamín me dijo: nos convertiremos en unos astros solitarios que se envían signos. No sé si Galicia te ha sido a ti más benigna, para mí mi región, una madrastra. Claro que está la luz, las intimidades y nuestros recuerdos.

*Os envío abrazos comunitarios –fíjate en la terminación– ¡Cuántos desencantos! Pero qué seguros de nuestra pureza –La sal de la tierra.*

*Para tí, para Carmen, para los Lechner, cariñosos saludos de vuestro Juan.*

Juan Gil-Albert non se recuperará endexamais da súa condición de trasterrado, de expulsado da historia, malia o pouco tempo que permaneceu en México. Tres anos despois segue a se lamentar do esquencemento e soidade na que transcorre a súa vida.

Valencia, 24 de octubre de 1966

*Querido Rafael:*

*Entro de golpe en el tema y hablaremos luego. Funciona aquí un grupo medio universitario de teatro dirigido por un chico, Antonio Díaz Zamora, que tiene verdadero talento y que, por lo demás, mantiene en esta ciudad, por su solo empeño, el fuego sagrado de Talía. Valencia en esto ha bajado considerablemente de nivel y se puede afirmar, sin miedo a ser considerado de la oposición, que aquí el teatro, como necesidad y como entretenimiento, ha dejado de existir. Pues bien, este chico nos da unas representaciones graciosamente movidas que ayudan a conservarnos, como te digo, el gusto de la escena. La última temporada nos dio a conocer dos dramaturgos extranjeros y, a mí al menos, un español que reside en París, Arrabal, del que vimos El Triciclo. Por último montó de Don Ramón, La Farsa y Licencia de la Reina Castiza. Sabedor de mi amistad contigo me ha pedido que pida tu asentimiento para incluirte en su programa de la temporada entrante. Le interesa el Viaje y Fin de Don Frontán que incluye en tu libro Viaje, Duelo y Perdición; necesitaría tu permiso –o de la sociedad de autores– y la indicación de donde podría conseguir un ejemplar de ese título que alguien le prestó pero que ya no tiene a mano. Creo que todo podría resolverse ¿no? Me ilusiona verte en escena, en mi tierra*

*chica, casi como quien dice, en mi casa; y se me ocurre si para entonces podrías personarte el día del estreno a recibir tus aplausos; hay tiempo para decidirlo. Ahora contéstame y seguiremos hablando. No sé si te encontrarías casualmente, en el número de marzo de Revista de Occidente, con una prosa mía que ha producido una cierta impresión a los once años de escrita. Haz por leerla con Carmen. Tengo poco que contarte; como digo en Concierto nuestras vidas no tienen anécdota, sólo un fluir. Sé que Ramón<sup>5</sup> ha vuelto a Barcelona; cuatro años de silencio. ¡Qué soledad errante!*

*Escribo mis memorias –es el momento– “No salir de mi asombro”, ese es el título. Allí aparecemos todos, sombras vivas, apresadas por la intimidad de un ojo que descubre en los demás su mundo, el que le tocó vivir, y ver.*

*Espero tus noticias. Abrazos de  
Juan.*

X.L. Axeitos  
I. B. Rafael Dieste  
A Coruña, 1998

---

5. Ramón Gaya, pintor murciano que vive actualmente entre Madrid e Roma. Participou nas Misiões Pedagógicas con Dieste e foi membro e colaborador da revista *Hora de España*. Era íntimo amigo de Gil-Albert. A muller de Gaya, Fe, perdera a vida no bombardeo de Figueras, cando levaba no colo á súa filla Alicia.